



## MEMORIA DECLARACIÓN

Artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 do xaneiro, de transparencia e bo goberno.

### **CONVENIO ENTRE O CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR E O CONCELLO DE TABOADELA PARA O FINANCIAMENTO DE OBRAS DE MELLORA NO FOGAR RESIDENCIAL DO CONCELLO DE TABOADELA**

O xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar

#### **DECLARA:**

Que este Consorcio ten previsto formalizar co Concello de Taboadela o instrumento fundacional arriba referido por un período de vixencia que abrangue desde a data de inicio de vixencia do convenio ata o 31 de decembro de 2024.

Que o instrumento convenial ten por obxecto:

Establecer as bases de colaboración entre o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e o Concello de Taboadela para o financiamento de obras de mellora no Fogar Residencial do Concello de Taboadela co fin de posibilitar unha mellor atención ás persoas maiores que precisan deste servizo.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

O Concello de Taboadela adheriuse ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar por medio do convenio asinado o 3.7.2006 e cedeu ao Consorcio o uso do inmovible dedicado a Fogar Residencial/Centro de Día de persoas maiores situado no lugarde Taboadela núm. 31, na Estrada Vella a Madrid – Ourense 320, no termo municipal de Taboadela, que se formalizou coa subscrición do convenio asinado para





tal fin, asumindo o Consorcio a xestión deste equipamento no exercicio das competencias previstas estatutariamente.

Co fin de manter e conservar adecuadamente as instalacións do Fogar Residencial, en particular, no que atinxe á mellora da confortabilidade dos espazos destinados á atención residencial, en concreto, para a eliminación de humidades na fachada e na cuberta do inmovible e para a mellora da eficiencia enerxética das instalacións, garantindo a correcta ventilación do inmovible e a pertinente extracción de aire dos baños, o Concello de Taboadela solicitou a colaboración do Consorcio para o financiamento destas obras de mellora. Todo isto, co fin posibilitar unha adecuada atención ás persoas maiores que son usuarias do Fogar Residencial, mellorando unhas instalacións nas que se ofrece unha alternativa de convivencia que mantén ás persoas maiores dentro do seu propio entorno, proporcionándolles unha atención integral adecuada ás súas necesidades.

Tendo en conta que o concello non dispón dos medios económicos necesarios para a realización das obras de mellora que se precisan no inmovible de titularidade municipal destinado a Fogar Residencial, cómpre desenvolver a colaboración interadministrativa necesaria para o financiamento destas actuacións, posibilitando así unha mellor calidade na atención residencial que se presta no devandito centro.

Considéranse polo tanto idóneo o financiamento desta actuación necesaria para a mellora do centro municipal nos termos expostos, co fin de acadar unha mellor atención ás persoas maiores do Concello, prestando un servizo público de calidade a través do Fogar Residencial do Concello de Taboadela, para o cal é necesario unir e coordinar os esforzos e recursos de ambas as dúas administracións.

Por todo o exposto, existe un evidente interese público de colaborar no desenvolvemento da actuación descrita, considerando o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar que a necesidade desta actuación e o interese común de posibilitar a realización de obras de mellora no Fogar Residencial do





Concello de Taboadela, xustifica a utilización do instrumento convencional para o financiamento das actuacións descritas, baseándose no disposto nos artigos 19.4 e 26º.2.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O convenio de colaboración terá data de vixencia dende a data da súa sinatura e ata o 31 de decembro de 2024, sen prexuízo de que as actuacións obxecto de financiamento do convenio sexan as executadas a partir do 1 de xaneiro de 2024. Neste sentido, a extensión da posibilidade de financiamento ao abeiro do convenio das actuacións executadas a partir do 1 de xaneiro de 2024 considérase axeitada e fundamentada legalmente, segundo o disposto no artigo 39 da Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas que establece *"excepcionalmente poderá outorgarse eficacia retroactiva aos actos cando se diten en substitución de actos anulados, así com cando produzan efectos favorables para o interesado, sempre que os supostos de feito necesarios existiran na data á que se retrotraia a eficacia do acto e esta non lesione dereitos ou intereses lexítimos doutras persoas"*.

O Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar achegará ao Concello de Taboadela para a realización das actuacións descritas un importe máximo de 89.999,33 euros, con cargo á partida 11.90.311A.7600 dos orzamentos do Consorcio para o ano 2024.

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión





doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela.

O xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar

Perfecto Rodríguez Muíños

